



## Unha aposta polo multilingüismo

**Juan Bautista Mariño Abuín**  
 Profesor de Francés  
 IES Coroso, Sta. Uxía de Ribeira

[jbma@edu.xunta.es](mailto:jbma@edu.xunta.es)



O 2008 foi decretado Ano Internacional das Linguas pola Asemblea das Nacións Unidas, coa finalidade de propiciar un maior entendemento entre os pobos. No 1999 a Conferencia Xeral da UNESCO recomendaba medidas para promover o multilingüismo, tamén no ciberespazo, xunto ao multiculturalismo nas redes de información mundiais. Á par, o obxectivo do Consello de Europa era favorecer a toma de conciencia e o desenvolvemento da identidade cultural do continente, así como da súa diversidade. Neste ano, así mesmo, estableceuse o 21 de febreiro, como unha súplica, a Xornada Internacional da Lingua Materna: Europa segue clamando pola defensa das súas identidades neste mosaico indoeuropeo.

En setembro de 2009 no IES As Fontiñas de Compostela abordouse esta temática de actualidade desde a perspectiva dos ensinantes de francés de Galicia, a maioría de secundaria.

Neste encontro, a Consellería de Educación deixou clara a súa aposta polo plurilingüismo como demostran os diferentes programas que contribúen á formación do alumnado e do profesorado. Avala isto o incremento das emerxentes seccións bilingües: 11 en primaria de inglés e 1 de francés fronte a 127 en inglés de secundaria (maioritario) e ciclos, ao lado de 13 en francés e 1 en portugués.

Outros programas interesantes son o PALE, entre os cada vez xa máis coñecidos Comenius, Leonardo e estadias ou mobilidade polo estranxeiro, tanto para docentes como para alumnos. Así temos no programa CUALE no curso 2008/09, 9 centros dos que 6 o desenvolven en inglés, 2 en francés e 1 en alemán. Neste momento dispoñemos do libro de texto *Comme Ça! -ESO-*, coa nova etiqueta de "competencias" e adaptado aos novos niveis do *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*, certificacións ás que se suma o galego en 5 graos denominados agora CELGA (Certificado de Lingua Galega) divididos en cinco niveis, de menor a maior dificultade CELGA 1... CELGA 5.

Segundo datos facilitados por Pascal Sánchez, agregado de cooperación educativa da Embaixada de Francia, no mundo, dos 82,6 millóns de estudantes de lingua francesa, 1.400.000 están no Estado español, cifra que dista bastante da de 1975 -2.500.000, segundo afirma-. Por outra banda, a opinión pública, para Jean-Claude Beacco, tende a crer que o inglés é a única lingua profesionalmente útil, "visión que non se corresponde coa realidade".

A insistencia dos pais dos cativos en conseguir que os seus fillos saiban inglés coa perfección dos propios ingleses fai que este ensino suscite efectos non desexados, como cansazo, estancamento e perda de rendibilidade. Pola contra, o docente de linguas ten que motivar e aproximar o alumnado aos

### outros artigos

#### Novos retos para o profesorado de Ciencias

Concepción González Rodríguez Catedrática de Ensino Secundario Profesora asociada da Facultade de Ciencias da Educación

#### Unha aposta polo multilingüismo

Juan Bautista Mariño Abuín Profesor de Francés IES Coroso, Sta. Uxía de Ribeira

### relacionados

artigo de Foro, en Eduga 53

artigo de Opinión, en Eduga 53

artigo de Opinión, en Eduga 53

### viñeta Francesco Tonucci



idiomas das relacións comerciais e aos dos inimigos para que sexan amigos, pois está demostrado que a persoa criada en territorio bilingüe ou trilingüe aprende moito mellor outra lingua.



**Está demostrado que a persoa criada en territorio bilingüe ou trilingüe aprende moito mellor outra lingua**

As siglas LODE, LOXSE, LOE... que cambiaron o controvertido panorama educativo son, non obstante, as que fixeron que aumentase de xeito significativo o profesorado de materias como Tecnoloxía, Pedagogía ou Francés, intentando igualar a secundaria ao resto dos países de Europa. Así no ano 1999 había en Galicia 119 interinidades de secundaria -francés-. Nese ano convócanse 27 prazas de ingreso libre, tras catro anos ofertando 3, 6, 5 e 0 prazas. No ano 2000, 32 prazas libres; 16 no 2001; 14 no 2002; 7, 12, 4, 12, 42, e 64 libres na última OEP.

No resto do Estado o panorama é semellante. Aquí destaca o movemento asociativo galego que representa, reivindica e traballa, desde 1985, con criterios pedagóxicos para este profesorado. Nestas 22.<sup>a</sup> xornadas e 5.<sup>a</sup> da federación estatal expúxose a conveniencia de que máis mestres especialistas se sumen a este colectivo. A incansable e primeira presidenta, M.<sup>a</sup> del Carmen González Teixeira, que ocupa o cargo dende setembro de 1993 ata hoxe, foi condecorada polo goberno francés en 1995, coa distinción de Chevalier de l'Ordre des Palmes Académiques. Ela anima as asociacións presentes do Estado e demais delegacións a seguir traballando para consolidar esa segunda lingua estranxeira.

 [imprimir páxina](#)



colabora con  
**foro**

[revista.galega.ensino@edu.xunta.es](mailto:revista.galega.ensino@edu.xunta.es)

#### O MÁIS VISTO

[Accesibilidade do sitio web](#)

[Plan de Acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema](#)

[Eurydice, a rede europea de información sobre educación](#)

[Declaración mundial "Aprender a través do xogo". OMEP 2010](#)

[Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias](#)

[Reiníciense as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos](#)

#### COLABORA COA REVISTA

[Cartas á directora](#)

[Experiencias](#)

[Investigación](#)

[Foro](#)

#### OUTRAS SECCIÓNS

[Axenda](#)

[Actualidade: Eurydice](#)

[Tribuna](#)

[Mediateca](#)

[Que é](#)

[Lexislación](#)

[Hemeroteca](#)

[Editorial](#)

[Blogs](#)

[Créditos da revista](#)